Centro: IESP DE AMES

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: GREGO

Materias:

- CULTURA CLÁSICA 3º y 4º ESO
- GREGO 1º BAC
- GREGO 2º BAC

ANO ACADÉMICO: 2021/22

XEFE DE DEPARTAMENTO: MARGARITA OLIVAR ROLDÁN

# ÍNDICE



1-INTRODUCCIÓN ........................................................................ PAX.3

2- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ............... PAX. 6

3- PROGRAMACIÓN CULTURA CLÁSICA 3º /4º ESO ................................ PAX. 11

4- PROGRAMACIÓN GREGO 1º BAC .............................................. PAX. 65

5- PROGRAMACIÓN GREGO 2º BAC .............................................. PAX.96

6- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE...... PAX.114

7- ELEMENTOS TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE .................................. PAX.114

8-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA...................................... PAX.115

9- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ............................... PAX.116

10- PLAN LECTOR ........................................................................ PAX.116

11- APLICACIÓN DAS TIC ........................................................................ PAX.122

## 1- INTRODUCCIÓN

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia artículase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta esma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englóbase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas

ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura. Debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. Neste marco, o achegamento as linguas clásicas, latín e grego, é fundamental para a nosa sociedade porque permite a comprensión do noso patrimonio literario e cultural

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como o intercambio de ideas.

A educación plurilingüe e intercultural retira barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promove o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita

por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

## 2- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

**A comunicación lingüística** é a competencia clave que máis presenza terá nas materias dependentes do Departamento Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

*Estándares de aprendizaxe:*

*1.1 Dominio da expresión oral (falar, ler e escoitar) da lingua en diferentes contextos.*

*1.2 Comprende o que le, localiza, recupera información e recoñece as ideas principais e secundarias.*

*1.3 Manexo e dominio da lingua escrita (escribir correctamente as palabras, compoñer textos de tipoloxía diversa e implicarse na escritura) en diferentes contextos.*

**A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal: elaboración de eixes cronolóxicos, interpretación de mapas…

*Estándares de aprendizaxe:*

*2.1 Habilidade para utilizar números, símbolos e as operacións básicas que favorecen o desenvolvemento do cálculo mental e escrito.*

*2.2 Coñece e utiliza formas de expresión e razoamento científico para producir e interpretar informacións.*

*2.3 Dominio dos aspectos cuantitativos e espaciais da realidade para resolver problemas relacionados coa vida diaria.*

*2.4 Planifica, utiliza estratexias para resolver problemas cuantitativos e espaciais da vida cotiá e realiza unha presentación do proceso seguido dunha forma clara, ordenada e argumentada.*

*2.5 Planifica e realiza sinxelas investigacións: observar e preguntarse, manipular e experimentar, formular hipótese, verificar e argumentar.*

**A competencia dixital** deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

*Estándares de aprendizaxe:*

*3.1 Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse.*

*3.2 Selección, valoración e uso autónomo, responsable e reflexivo da información e as súas fontes e das diversas ferramentas tecnolóxicas para organizar a información.*

*3.3 Sabe recoñecer a utilidade das aplicacións informáticas para mostrar a información atopada e aclarar os contidos relacionados na devandita información, presentada dunha forma clara, concisa e visualmente dunha forma agradable no soporte tecnolóxico máis adecuado.*

**As competencias sociais e cívicas** poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego e latino, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

*Estándares de aprendizaxe:*

*4.1 Comprende a realidade social na que vive, a organización e o funcionamento das sociedades, a súa riqueza e pluralidade.*

*4.2 Entende a función que tivo e ten a tradición grega e latina no desenvolvemento social e dos conceptos de ciencia, relixión, mito e filosofía*

*4.3 Participa activamente nas actividades da aula e do centro, cumprindo coas normas establecidas e mostrando respecto polas características persoais propias e a dos seus compañeiros e compañeiras.*

A **competencia en conciencia e expresión cultural**, ademais de no estudo da literatura grega e latina, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

*Estándares de aprendizaxe:*

*5.1 Representa de forma persoal ideas, accións e situacións, valéndose dos recursos creativos que a linguaxe plástica, visual, musical e corporal proporcionan.*

*5.2 Recoñece e valora as manifestacións artísticas e culturais do mundo social cultural actual e doutras épocas, en especial da Grecia clásica e da Civilización Romana*

*5.3 Interese pola participación na vida cultural e na contribución para a conservación do patrimonio artístico e cultural.*

A competencia que traballa o **sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e activo.

*Estándares de aprendizaxe:*

*6.1 Ten o hábito de traballo e é capaz de solucionar problemas de forma autónoma, sabendo tomar decisións.*

*6.2 Capacidade para imaxinar e emprender accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.*

*6.3 Capacidade para avaliar accións e/ou proxectos, o propio traballo e capacidade para avaliar o traballo realizado en equipo*

O estudo das linguas clásicas constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no

tempo aínda que se esquezan os contidos concretos. O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

Contribúe en gran maneira a desenvolver a **competencia de aprender a aprender**

*Estándares de aprendizaxe:*

*7.1- Utiliza técnicas para organizar, memorizar e recuperar a información, utilizando resumos, esquemas ou mapas conceptuais.*

*7.2 - Reflexiona sobre a súa aprendizaxe: organización do traballo, aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe, autocorrección e autoevaluación.*

*7.3 -Ten curiosidade por exporse preguntas para obter información que se transforme en coñecemento.*

*7.4 - Demostra interese por investigar e resolver diversas situacións que se expoñen*

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## Materia: CULTURA CLÁSICA

CURSO: 3º /4º ESO

ANO ACADÉMICO: 2021/22

XEFA DE DEPARTAMENTO: MARGARITA OLIVAR ROLDÁN

# ÍNDICE

1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN ........................ PAX.12
2- OBXECTIVOS ........................................................................................................ PAX.12
3- CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN ............................................... PAX. 13
4- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS ............................................... PAX. 52
5-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ............................................... PAX. 54
6-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ..... PAX. 55
7- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL ............................................... PAX. 62
8- ATENCIÓN A DIVERSIDADE ............................................................ PAX. 62

## 1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Os fundamentos da nosa cultura occidental e a nosa lingua enraízanse na civilización grecorromana. O coñecemento do mundo clásico é imprescindible para poder acercarse á esencia do noso arte, crenzas, sistemas políticos, lingua etc.

A materia "Cultura Clásica" ofrece aos alumnos a posibilidade de acceder aos coñecementos imprescindibles sobre o mundo grecolatino que lles permitan acercarse e comprender a cultura e o mundo no que viven.

Na confección da programación de esta materia tivemos en conta os seguintes aspectos:

O seu carácter interdisciplinar, fundamentalmente con áreas como as Ciencias Sociais e as Linguas e Literaturas Castellana e Galega.

A importancia de acercar aos alumnos os textos de autores clásicos como forma de coñecer o mundo antigo de forma directa.

A importancia de facilitar aos alumnos o estudio e coñecemento de restos arqueolóxicos cercanos

Conseguir que o alumno comprenda e saiba analizar os elementos de continuidade que subsisten entre o mundo clásico e o actual.

## 2- OBXECTIVOS

Os obxectivos a conseguir serán os seguintes:

- Que o alumno acade o conxunto necesario de coñecementos de maneira que sexa capaz de comprender a continuidade entre o mundo clásico e o actual, e de recoñecer as pegadas da civilización grecolatina na nosa cultura e vida cotiá. Tentarase que comprenda que as influencias e pervivencias da antigüidade producíronse, unhas veces, de forma popular e espontánea ( festas ou costumes, vida cotiá), outras, de forma erudita e culta (influencia mitolóxica nas artes, transmisión de xéneros literarios) e outras veces, no resultado de formas políticas (democracia, organización administrativa do Dereito)
- Que o alumno chegue a adquirir uns mínimos coñecementos das linguas grega e latina, que lle proporcionen un mellor coñecemento do funcionamento e unha ampliación do vocabulario da súa propia lingua.
- Que o alumno sexa consciente da relatividade e multiplicidade da cultura (convencións sociais que son válidas en tanto son aceptadas por una maioría e cumpren a función para a que foron pensadas). Que saiba comprender que a cultura non é algo estático. Isto facilitará que teñan unha postura transixente ante outras realidades culturais e formas de pensar distintas das súas.
- Ensinar a utilizar adecuadamente as diversas fontes antigas, contrastándoas coas modernas.
- Desenvolver a iniciativa persoal e autonomía do alumno ata conseguir que sexa el o protagonista da súa propia aprendizaxe. Con este fin combinaranse tanto as actividades en grupo, na medida do posible, dadas as circunstancias actuais da pandemia, como as individuais, para potenciar a súa capacidade de dedución e relación, de modo que sexa capaz de organizar os seus propios coñecementos.

## 5- CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN

- TABOA con:
  - Contidos: Unidades didácticas
  - Temporalización
  - Obxectivos
  - Criterios específicos
  - Estándares de aprendizaxe: indicadores de logro
  - Competencias clave
  - Grao mínimo de consecución
  - Procedementos e instrumentos de avaliación

| **Unidade didáctica 1** | **Temporalización: 1º trimestre** | **Obxectivos** |
|---|---|---|
| **Contidos** | 1.1- Xeografía do mundo grego<br>1.2- A polis<br>1.3- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas<br>1.4- Escritura e alfabeto: o alfabeto grego e peculiaridades de lectura do grego<br>1.5- Lecturas<br>- Por qué Grecia?<br>- A inspiración grega<br>- Os exipcios descobren a lingua máis antiga<br>- A torre de Babel<br>1.6- Mitoloxía<br>- As orixes do cosmos<br>- O panteón olímpico | 1.1 f,o<br>1.2 m,o<br>1.3 f,ñ,o<br>1.4 e,f<br>1.5<br>1.6 l,m,ñ |
| **Criterios para a avaliación** | 1.1- Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento da civilización grega<br>1.1- Describir o marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega ao longo da súa historia.<br>1.2- Explicar a importancia das polis no contexto cultural e político do mundo grego<br>1.3- Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.<br>1.4- Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.<br>1.4- Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.<br>1.4- Identificar e nomear correctamente os carácteres que forman o | |

| | |
|---|---|
| | alfabeto grego, escribíndoos e léndoos correctamente.<br>1.5-Analizar e comentar textos clásicos traducidos ao castelán ou galego.<br>1.5 - Analizar e comentar textos modernos inspirados na cultura grega.<br>1.5 - Recoñecer a influencia e pervivencia da civilización clásica.<br>1.6- Coñecer os mitos que explican as orixes do universo.<br>1.6- Coñecer os deuses olímpicos:<br>1.6- Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. |
| **Estándares de aprendizaxe** | 1.1- Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúa en distintos períodos a civilización grega, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.<br>1.1- Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento da civilización grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.<br>1.2- Explica a importancia da polis no contexto cultural e político do mundo grego.<br>**1.3-** Explica e sitúa cronoloxicamente a orixe do concepto de indoeuropeo, explicando a grandes liñas o proceso que dá lugar á creación do termo.<br>**1.3-** Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.<br>1.4- Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.<br>**1.4-** Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.<br>**1.4-** Identifica e nomea correctamente os carácteres que forman o alfabeto grego, escribíndoos e léndoos correctamente.<br>1.5-Analiza e comenta textos clásicos traducidos (e /ou adaptados) ao castelán ou galego.<br>1.5 Analiza e comenta textos modernos inspirados na cultura grega.<br>1.5 - Recoñece a influencia e pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.<br>1.6- Coñece os mitos que explican as orixes do universo.<br>1.6- Coñece os deuses olímpicos: Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións |

<table>
<tr><td></td><td colspan="7">entre os diferentes deuses.<br>1.6- Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina<br>1.6- Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.</td></tr>
<tr><td rowspan="2"><u>Competencias clave</u></td><td>1<br>CCL</td><td>2<br>CMCCT</td><td>3<br>CD</td><td>4<br>CAA</td><td>5<br>CSC</td><td>6<br>CSIEE</td><td>7<br>CCEC</td></tr>
<tr><td colspan="7">1- Competencia en comunicación lingüística<br>A introdución ao estudo das etimoloxías de termos da linguaxe científica-técnico contribúe á mellora da comprensión oral e escrita. O coñecemento do significado orixinal das palabras favorece que o alumnado coñeza o sentido das palabras que utiliza e axuda ao uso preciso e apropiado do vocabulario nas linguas que o alumno utiliza e nas que aprende.<br>Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:<br>o Lectura e interpretación de textos orixinais gregos traducidos ao castelán ou galego.<br>o Lectura e interpretación de textos literarios adaptados.<br>o Aprendizaxe da lectura dos carácteres do alfabeto grego.<br>o Lectura comprensiva das diferentes seccións da unidade.<br>o Elaboración de resumos e esquemas.<br>o Exposición oral das investigacións propostas ao longo da unidade.<br>2- Competencia matemática e competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico<br>A contribución desta unidade á adquisición destas competencias céntrase no coñecemento da xeografía do mundo grego.<br>Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:<br>Localización xeográfica das principais rexións, cidades e illas que constituíron o mundo grego.<br>Observación das imaxes e planos de cidades gregas que aparecen na unidade.<br>Análise de mapas e planos.<br>3 Competencia dixital: Procura e selección de información por medio das TIC e saber recoñecer a utilidade das aplicacións informáticas para mostrar a información atopada e aclarar os contidos relacionados na devandita información, presentada dunha forma clara, concisa e visualmente dunha forma agradable no soporte tecnolóxico máis adecuado.<br>4 Competencia aprender a aprender: A obtención, selección e</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | valoración das informacións obtidas sobre distintos temas e o saber comunicar conclusións e ideas para formarse opinións propias argumentadas permite ao alumno desenvolver eficazmente a súa competencia de aprender a aprender.<br>5 **Competencias sociais e cívicas**: Recoñecer o papel de Grecia no pensamento social de cada época, entender a función que tivo e ten a tradición grega no desenvolvemento social e dos conceptos de ciencia, relixión, mito e filosofía.<br>6 **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**: A procura da información, a súa organización e a exposición ao grupo da clase contribúe ao desenvolvemento das capacidades que contribúen a desenvolver a cultura do emprendemento.<br>7. **Conciencia e expresións culturais**: A análise do papel que tivo no pasado e no presente a cultura grega nas nosas vidas permite desenvolver a capacidade de valorar os factores e consecuencias da cultura e o pensamento na sociedade e as distintas manifestacións artísticas e culturais da actualidade. Todo iso contribúe a desenvolver o pensamento crítico persoal e a iniciativa emprendedora. |
| **Grao mínimo de consecución** | O alumno deberá alcanzar unha puntuación dun 50% nos estándares de aprendizaxe |
| **Procedementos e instrumentos de avaliación** | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado en casa e na aula<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Exame |

| **Unidade didáctica 2** | **Temporalización: 1º trimestre** | **Obxectivos** |
|---|---|---|
| **Contidos** | 2.1- Xeografía do mundo romano<br>2.2- A urbs: a estructura urbana<br>2.3- O latín e o alfabeto latino<br>2.4- As linguas romances<br>2.5- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán<br>2.6- Lecturas<br>- O carácter de gregos e romanos<br>2.7- Mitoloxía<br>- O mito das Idades<br>- Visións modernas da creación do ser humano<br>- Prometeo e Pandora | 2.1 f,o<br>2.2 l,ñ<br>2.3 e,f<br>2.4 l,ñ,o<br>2.5 f,l.ñ,o<br>2.6 l,m,ñ<br><br>2.7 a,e,b,ñ |

| | |
|---|---|
| **Criterios para a avaliación** | **2.1-** Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento da civilización romana.<br>2.1- Describir os marcos xeográficos en que se desenvolve a civilización romana ao longo da súa historia.<br>2.2- Explicar a importancia do urbanismo no contexto cultural e político do mundo romano.<br>**2.3-** Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.<br>2.4- Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.<br>2.5- Facer evolucións básicas desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.<br>2.6-Analizar e comentar textos clásicos traducidos ao castelán ou galego.<br>2.6 – Analizar e comentar textos modernos inspirados na cultura grecorromana.<br>2.7 - Recoñecer a influencia e pervivencia da civilización clásica<br>2.7- Coñecer os mitos que explican as orixes do ser humano<br>2.7- Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.<br>2.7- Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. |
| **Estándares de aprendizaxe** | 2.1- Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúa en distintos períodos a civilización romana delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.<br>2.1- Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento da civilización grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.<br>2.2- Describe as características, os principais elementos do urbanismo romano, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores no contexto cultural e político do mundo romano.<br>2.3- Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.<br>2.4- Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.<br>2.4- Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.<br>**2.5-** Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino |

ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos.
2.5- . Realiza evolucións básicas do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas básicas e máis sinxelas de evolución.
2.6-Analiza e comenta textos clásicos traducidos (e /ou adaptados) ao castelán e ao galego.
2.6 Analiza e comenta textos modernos inspirados na cultura grecorromana.
2.7- Coñece os mitos que explican as orixes do ser humano.
2.7- Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.
2.7- Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.
2.7- Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.

**Competencias clave**

| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **CCL** | **CMCCT** | **CD** | **CAA** | **CSC** | **CSIEE** | **CCEC** |

Competencia en comunicación lingüística
O coñecemento das orixes da lingua galega e castelá e da súa relación de parentesco con outras linguas europeas contribúe a unha mellor comprensión do fenómeno lingüístico; así mesmo favorece a comparación entre palabras das distintas linguas que coñeza o alumnado.
Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:

- Lectura e interpretación de textos orixinais gregos traducidos ao castelán ou galego.
- Lectura e interpretación de textos literarios adaptados.
- Lectura comprensiva das diferentes seccións da unidade.
- Aprendizaxe da lectura da lingua latina.
- Elaboración de resumos e esquemas.

Competencia matemática e competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico
A contribución desta unidade á adquisición destas competencias céntrase no coñecemento da xeografía do mundo romano e os elementos básicos de urbanismo.
Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:

- Localización xeográfica dos principais territorios que formaron parte do mundo romano.
- Observación das imaxes e planos de cidades romanas incluídos na unidade.

<table>
<tr><td></td><td>
<ul><li>Análise de mapas e planos.</li></ul>
Tratamento dá información e competencia dixital / competencia para aprender a aprender/ autonomía e iniciativa persoal<br>
A proposta de pequenas investigacións e a procura de información a través de Internet pretenden o desenvolvemento de capacidades como a atención, concentración, a memoria e a motivación; e favorecen a conciencia do valor do esforzo para lograr os obxectivos marcados.<br>
Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:
<ul><li>Procura de datos complementarios e consulta doutras fontes.</li>
<li>Proposta de traballos e actividades tanto individuais como de grupo que obrigan a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo.</li></ul>
Competencia social e cidadá<br>
O coñecemento e comprensión da realidade histórica de Roma favorece o análise crítico daquela sociedade e permite a reflexión sobre os nosos comportamentos sociais.<br>
Competencia cultural e artística<br>
E fundamental para a o desenvolvemento desta competencia tanto a aproximación á pervivencia do patrimonio cultural e artístico a través das numerosas ilustracións que se reproducen, como, e sobre todo, o fomento da súa interpretación e valoración. Así mesmo co coñecemento dos mitos da creación da humanidade e do papel da muller nestes relatos apréciase o paralelismo que existe entre as diferentes culturas na interpretación do mundo. Con iso enriquécese a comprensión do código mitolóxico, pedra angular e universal das distintas manifestacións artísticas.<br>
Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:
<ul><li>Análise de imaxes vinculadas aos mitos da creación da humanidade, das Idades, e de Prometeo e Pandora.</li>
<li>Proposta de actividades colaborativas que indaguen na identificación da orixe das manifestacións culturais de hoxe no pasado grecorromano.</li></ul>
</td></tr>
<tr><td><u>Grao mínimo de consecución</u></td><td>O alumno deberá alcanzar unha puntuación dun 50% nos estándares de aprendizaxe.</td></tr>
<tr><td><u>Procedementos e instrumentos de avaliación</u></td><td>Instrumentos<br>Produción do alumnado en casa e na aula<br>Caderno do alumnado<br>Procedementos<br>Rúbrica<br>Exame</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th>Unidade didáctica 3</th><th>Temporalización: 1º trimestre</th><th>Obxectivos</th></tr>
<tr><td><u>Contidos</u></td><td>3.1 – O mundo exeo e Creta<br>3.2 – A civilización micénica<br>3.3 – Palacios minoicos e micénicos: Cnossos e Micenas. Outras cidades micénicas: Argos, Tirinto, Pilos<br>3.4- Aproximación á arte grega: escultura e arquitectura<br>3.5- Etimoloxías<br>3.6- Patrimonialismos, cultismos e semicultismos<br>3.7 A épica grega<br>o Homero e a poesía épica heroica<br>o Hesíodo e a poesía épica didáctica<br>o Poesía para a diversión<br>3.8- Lecturas<br>o Noticia sobre o labirinto de Cnosos<br>o O rapto de Helena<br>3.9- Mitoloxía<br>- A guerra de Troia<br>- O regreso de Ulises</td><td>3.1 f,o<br>3.2 m,o<br>3.3 f,ñ,o<br>3.4 l, b, ñ<br>3.5 h ñ o<br>3.6 e ñ o<br>3.7<br>3.8 l,m,ñ<br>3.9 a,e,b,ñ</td></tr>
<tr><td><u>Criterios para a avaliación</u></td><td colspan="2">3.1/3.2 – Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións minoica e micénica.<br>3.1/3.2/3.3- Coñecer as principais características das civilizacións minoica e micénica, e sabelas situar nun eixe cronolóxico.<br>3.1/3.2/3.3- Situar dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.<br>3.4- Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.<br>3.4- Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.<br>3.4- Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática.<br>3.5- Facer evolucións básicas desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.<br>3.5- Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.<br>3.6- Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.<br>3.7- Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.<br>3.7- Coñecer as principais características e autores do xéneros literario épico e a súa influencia na literatura posterior.<br>3.7- Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | 3.8-Analizar e comentar textos clásicos traducidos ao castelán ou galego.<br>3.8 - Analizar e comentar textos modernos inspirados no mundo minoico e micénico.<br>3.9- Coñecer os mitos e os heroes vinculados ao ciclo da guerra de Troia e as viaxes de Ulises.<br>3.9- Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. |
| **Estándares de aprendizaxe** | 3.1/ 3.2- Sabe enmarcar as civilizacións minoica e micénica e no período histórico correspondente, póndoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.<br>3.1/ 3.2 / 3.3- Distingue con precisión as etapas minoica e micénica nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.<br>3.1/ 3.2 / 3.3- Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas minoica e micénica, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.<br>3.1/ 3.2 / 3.3- Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.<br>3.4- Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.<br>3.4- Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.<br>3.4- Recoñece as características esenciais da arquitecturas grega, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.<br>3.4- Recoñece esculturas gregas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.<br>3.5- Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.<br>3.5- Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.<br>3.6- Identifica e diferenza con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información.<br>3.6- Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual vistas na unidade.<br>3.7- Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.<br>3.7- Describe as características esenciais das figuras literarias de. |

<table>
<tr>
<td></td>
<td colspan="7">Homero e Hesíodo.<br>3.8-Analiza e comenta textos clásicos traducidos (e /ou adaptados) ao castelán e galego.<br>3.8- Analiza e comenta textos modernos inspirados inspirados no mundo minoico e micénico.<br>3.9- Coñece os mitos e os heroes vinculados ao ciclo da guerra de Troia e as viaxes de Ulises<br>3.9- Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.<br>3.9- Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.</td>
</tr>
<tr>
<td rowspan="2"><u>Competencias clave</u></td>
<td>1<br>CCL</td>
<td>2<br>CMCCT</td>
<td>3<br>CD</td>
<td>4<br>CAA</td>
<td>5<br>CSC</td>
<td>6<br>CSIEE</td>
<td>7<br>CCEC</td>
</tr>
<tr>
<td colspan="7">Competencia en comunicación lingüística<br>A introdución ao estudo das etimoloxías e da evolución das palabras do latín ou grego ao castelán e galego contribúe á mellora da comprensión oral e escrita e ao coñecemento do significado orixinal das palabras; todo iso favorece o uso preciso e apropiado do vocabulario.<br>Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:<br>o Lectura e interpretación de textos orixinais gregos traducidos ao castelán.<br>o Lectura e interpretación de textos literarios adaptados.<br>o Estudo da formación de palabras en castelán e galego a partir doutras de orixe grega e latino.<br>o Lectura comprensiva das diferentes seccións da unidade.<br>o Elaboración de resumos e esquemas.<br>o Intervención oral nos debates expostos ao longo da unidade.<br>Competencia matemática e competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico<br>A contribución desta unidade á adquisición destas competencias céntrase no factor motivador que supón o coñecemento das cidades do máis antigo período da historia de Grecia.<br>Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:<br>o Observación da reconstrución da cidade de Micenas.<br>o Análise de mapas e planos.<br>Tratamento da información e competencia dixital / competencia para aprender a aprender/ autonomía e iniciativa persoal</td>
</tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | A proposta de pequenas investigacións que conclúan na realización de debates é outro método para educar en información e favorecer o coñecemento e uso dos fondos da biblioteca escolar do centro. Para iso tamén resulta útil a procura de información a través de Internet.<br>Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:<br>o Procura de datos complementarios e consulta doutras fontes.<br>o Proposta de traballos e actividades tanto individuais como de grupo que obrigan a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo.<br>**Competencia social e cidadá**<br>O coñecemento e comprensión do primeiro período histórico de Grecia favorece a súa análise crítica e permite a reflexión sobre o noso momento histórico.<br>o Elaboración de eixos cronolóxicos.<br><br>**Competencia cultural e artística**<br>E fundamental para a o desenvolvemento desta competencia tanto a aproximación á pervivencia do patrimonio cultural e artístico a través das numerosas ilustracións que se reproducen, como, e sobre todo, o fomento da súa interpretación e valoración. O obxectivo último é avivar o interese non só polos personaxes históricos ou de ficción, senón tamén polas manifestacións culturais e artísticas, para así comprendelos mellor e analizalas no seu marco histórico, político e social.<br>Procedementos que axudan a adquirir esta competencia son:<br>o Análise de imaxes vinculadas á guerra de Troia e ás aventuras protagonizadas por Ulises na súa viaxe de regreso ata Ítaca. |
| **Grao mínimo de consecución** | O alumno deberá alcanzar unha puntuación dun 50% nos estándares de aprendizaxe. |
| **Procedementos e instrumentos de avaliación** | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado en casa e na aula<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Exame |

| Unidade didáctica 4 | Temporalización: 1º trimestre | Obxectivos |
|---|---|---|
| **Contidos da Unidade didáctica** | 13.1- Flexión nominal: temas en vogal<br>• temas en diptongo –ευ<br>• temas en vogal –ι / -υ<br>13.2-Flexión pronominal: Os pronomes persoais. A peculiaridade do pronome αὐτός, ή, ό.<br>13.3- Flexión verbal: verbos contractos en -άω<br>13.4-Técnicas de tradución e retroversión:<br>• Produción de textos propios breves en lingua grega<br>13.5- O léxico da arte e o urbanismo<br>• Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e |

| | |
|---|---|
| | sufixos.<br>• Descomposición de palabras nos seus formantes.<br>• Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos.<br>• Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia.<br>• Familias etimolóxicas e semánticas<br>13.6- Mitoloxía: Deuses protectores de Atenas<br>13.7- Períodos da historia de Grecia:<br>• A Atenas de Pericles<br>• A arte da época clásica<br>• As guerras do Peloponeso<br>13.8- Lectura comprensiva de textos traducidos |

| **Unidade didáctica 14: Alcestis** | **Temporalización: 3.er trimestre** |
|---|---|
| **Contidos da Unidade didáctica** | 14.1- Flexión nominal:<br>• Sustantivos e adxectivos irregulares<br>• Recapitulación da 3ª declinación<br>14.2-Flexión verbal: O Perfecto. A Voz Pasiva<br>• A reduplicación<br>• Perfecto activo y medio<br>• Voz Pasiva<br>14.3-Técnicas de traducción e retroversión:<br>• Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia<br>14.4- O léxico da vida cotidiana e a familia<br>• Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos.<br>• Descomposición de palabras nos seus formantes.<br>• Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos.<br>• Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia.<br>• Familias etimolóxicas e semánticas<br>14.5- Mitoloxía: Alcestes<br>14.6- Períodos da historia de Grecia:<br>• Alexandre Magno<br>• O helenismo<br>14.7- A vida cotiá<br>• A cidade: os seus habitantes e o ocio.<br>• A familia<br>14.8- Lectura comprensiva de textos traducidos |

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1- Recollida de datos por análise sistemática do traballo do alumno (caderno, tarefas).

2- Realización de probas escritas ao longo da unidade didáctica.

3-Valoración dos traballos e actividades programadas, participación en clase, explicación cualitativa do progreso do alumno (logros, problemas de aprendizaxe por medio de follas de rexistro individual).

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| Indicador (cuantificable, numérico) | Evidencia (observable) |
|---|---|
| Resultados en probas escritas:<br>- Número de erros na realización das probas ou actividades escritas.<br>- Porcentaxes de notas das devanditas probas.<br>- Número de traballos presentados.<br>- Número de incidencias no comportamento do alumno en clase, incluíndo faltas de asistencia e puntualidade. | Preguntas orais, participación en clase, presentación e interese na elaboración de tarefas.<br>No control das tarefas diarias débese observar se están ben, mal, se entende ou non os contidos por medio da análise do caderno ou traballos do alumno. |

1. Os traballos realizados e as exposicións na aula: Rúbricas
2. Caderno do profesor para valorar as actitudes na aula
3. Probas escritas: Realizaranse probas escritas en cada avaliación sobre os contidos básicos desenvolvidos na aula e nas que se valorarán as competencias xerais do alumno e o seu coñecemento da materia.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

**O alumno deberá conseguir un grado 2 nos seguintes obxectivos básicos** (nivel de logro mínimo para obter una puntuación de 5 sobre 10)

1. Óptimamente conseguido
2. Suficientemente conseguido
3. Non conseguido

| Obxectivos básicos | Grao de desenvolvemento alcanzado | | |
|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 |
| 1.Grao de comprensión lectora | | | |
| 2. Corrección na expresión oral e escrita | | | |
| 3. Adquisición de léxico grego | | | |
| 4. Adquisición de helenismos | | | |
| 5. Comprensión da estructura lingüística grega | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 6. Traducción de textos sinxelos | | | |
| 7-Coñecemento básico básico do entorno histórico e cultural do mundo grego | | | |
| 8-Grado de coñecemento dos deuses e heroes do mundo mitolóxico greco-latino | | | |
| 9-Interpretación e análise do valor simbólico dos personaxes míticos | | | |
| 10-Comprensión da influencia da tradición grega e a diversidad cultural contemporánea | | | |
| 11. Utilización e selección das diversas fontes de información | | | |
| 12. Interese pola materia e participación no traballo na aula | | | |
| 13. Traballo persoal | | | |

## 5- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Utilizarase unha metodoloxía mixta: indutiva e dedutiva.
A indutiva serve para motivar a participación dos alumnos mediante o uso de pequenos debates nos que se tentará detectar as ideas previas, preconcepcións ou esquemas alternativos do alumno como produto da súa experiencia diaria e persoal e os coñecementos previos
O método dedutivo favorece a actividade mental como complemento ao proceso de aprendizaxe indutivo. Para iso presentarase cada idea, concepto ou feito da forma máis sinxela posible.
O profesor guía este proceso con actividades nas que é necesario consultar diversas fontes de información, e ademais, debe fomentar o rigor no uso da linguaxe.
En todas as actividades é convinte reflexionar sobre o realizado, recompilar o que se aprendeu, analizar o avance en relación coas ideas previas (punto de partida) e facilitar ao alumno a reflexión sobre habilidades de coñecemento, procesos cognitivos, control e planificación da propia actuación, a toma de decisións e a comprobación de resultados.
O alumnado ten que construír criterios sobre as propias habilidades e competencias en campos específicos do coñecemento e do seu quefacer como estudante.
Empregaranse diferentes mecanismos segundo o resultado de aprendizaxe a lograr, o estilo de aprendizaxe do alumno ou as condicións materiais

| Metodoloxía | Descrición | Exemplo de actividade |
|---|---|---|
| 1. Clases teóricas. | Exposición da teoría polo profesor e o alumno toma apuntamentos (lección maxistral), ou ben participa ante preguntas do profesor | Aprendizaxe baseada en aplicación de casos ou discusións propiciadas polo profesor |
| 2. Clases prácticas. | Clases onde o alumno debe aplicar contidos aprendidos na teoría. | |

| | | |
|---|---|---|
| a) Clases de tradución e exercicios. | O alumno resolve unha tradución ou toma decisións facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría. | Tradución de textos ou resolución de exercicios. |
| b) Prácticas de investigación | O alumno realiza unha investigación facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría. | Exercicio de investigación, procura de exemplos de tradición clásica ou prácticas informáticas… |
| 3. Talleres, conferencias. | Reflexión e/ou profundización de contidos xa traballados polo alumno con anterioridade (teóricos e/ou prácticos). | Cinefórum, teatro, taller de lectura, talleres de cultura clásica, ciclos de conferencias… |
| 4. Ensinanza no presencial. | O alumno aprende novos contidos pola súa conta, a partir de orientacións do profesor ou por parte de material didáctico deseñado para o efecto. | Aprendizaxe autónoma, autoaprendizaxe, estudio dirixido, tutoriais, traballo virtual en rede… |

## 6- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Todos os materiais e recursos didácticos, bibliográficos, audiovisuais,en rede, que se empregarán neste curso aparecen recollidos no PLAN LECTOR
O libro de texto que se utilizará neste curso na aula é:
- HESPÉRIDES 1 Grego, J. Alberich Mariné, ed. Vicens Vives.
Tamén utilizo textos e exercicios obtidos de diferentes manuais e da rede, especialmente de:
- Pragma, do Grupo Método
- Introducción al Griego de Alberto do Pozo Ortiz, ed. Teide,
- Grego I de Javier Almodóvar, ed. Editex
- Introducción al Grego Clásico, ed. Oxford Educación

No caso de que se decretase unha suspensión das clases presenciais, o alumno dispoñerá de fichas didácticas elaboradas pola profesora e un libro de texto entregado en préstamo polo departamento, que lle facilitarán o traballo a distancia orientado sempre polo profesor. As fichas se entregarán aos alumnos a principio de curso. Aínda así, estarán dispoñibles na aula virtual da materia.

## 7- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

<u>Contidos didácticos</u>

**Avaliaranse utilizando os seguintes procedementos:**

1- Recollida de datos do **traballo na aula** e **persoal** do alumno (caderno, tarefas).

2- Realización de **probas escritas** ao longo do trimestre..

Actitude na aula

2- Observación e Caderno do profesor para valorar **actitudes na aula**

| Instrumentos de avaliación | | Ponderación de cualificación |
|---|---|---|
| 1. Realización de probas obxectivas | Non teñen que ser de contido e valor simétrico na súa valoración. | 80% |
| 2. Realización de tarefas ou actividades na aula e na casa | Expostas como apuntes, exercicios, análises, respostas a preguntas e **recollidas no caderno de clase.** | 10 % |
| 5. Observación da actitude do alumno | Inclúe a atención, a participación en clase e a actitude persoal do alumno (compromiso persoal por aprender). | 10 % |

A) Nas **probas obxectivas** observaranse os seguintes aspectos:
- En cada pregunta figurará a **puntuación máxima** asignada á mesma.
- A **correcta utilización** de **conceptos**, **definicións** e propiedades relacionados coa natureza da situación que se trata de resolver.
- **Xustificacións teóricas** que se acheguen para o desenvolvemento das respostas. A non xustificación, ausencia de explicacións ou explicacións incorrectas serán penalizadas ata un 50 % da cualificación máxima atribuída á pregunta ou epígrafe.
- **Claridade e coherencia** na exposición..
- **Precisión na tradución e nos significados** das palabras.
- Deberán figurar as **análises morfolóxicas e sintácticas** cando se pidan, de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e a tradución do alumno.
- A falta de **limpeza** nas probas penalizará ata un punto.

Valoración:

- Exames de contidos teóricos:
  10 % presentación; 20% expresión y ortografía; 70% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

- Exames de contidos prácticos: **Descontarase por cada erro de carácter gramatical, sintáctico ou léxico un 0,5 se son contidos básicos (TERMINACIÓNS DECLINACIÓNS, TERMINACIÓNS VERBAIS, PRONOMES, SINTAXE BÁSICA) Descontarase por erros de carácter menor un 0,25 ata o máximo do que valga o exercicio.** Non se descontará por erros repetidos ou similares, tanto no mesmo exercicio como no resto dos exercicios do exame.

B) Os criterios de corrección do **traballo e actividades na aula e na casa do alumno** serán os seguintes:

**Deberán ter** todos os traballos **e actividades na** orde **na que foron propostos e realizados na aula. Deberán estar** corrixidos.

- Os traballos e actividades estarán realizados de forma **completa** e **non** poderán estar **copiados**.
- A **presentación dos traballos** e actividades deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.
- A **calidade** dos traballos e actividades presentados, as **respostas elaboradas**, a boa redacción, o traballo de **reflexión**, a recompilación de datos, a calidade da exposición.

| *Recuperación A e B: Mediante probas obxectivas* |
|---|

**C)** Na valoración das **actitudes** do alumno tomarase como referencia a seguinte pauta de observación:

- Traer o **material** persoal de traballo a aula. **0,20%**
- Manter un **comportamento e unha postura correcta**. **0,20%**
- **Puntualidade** e orde nas entradas e saídas da aula. **0,20%**
- **Aproveitamento do tempo** de traballo sen interromper a clase nin o traballo dos demais **0,20%**
- **Ausencia** de **faltas inxustificadas**. **0,20%**

**Valoración: Cada falta cometida suporá un desconto de 0,20% puntos ata un máximo 1 punto.**

| *Recuperación: A modificación das actitudes negativas ao longo do curso poderá supor a recuperación na nota final dos posibles puntos perdidos nas avaliacións 1ª y 2ª* |
|---|

**A nota de avaliación obterase do seguinte modo:**
**Traballo na aula: 10%** **Probas escritas: 80%** **Actitude na aula 10%**

**Criterios de promoción e mecanismos de recuperación**
A cualificación final da materia virá dada polo progreso de aprendizaxe do alumno. Dado que os contidos son inclusivos, o alumno terá que ter **aprobada a 3ª avaliación**
A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**. No caso de non acadar esta puntuación, o alumnado poderá presentarse en xuño a unha **proba exraordinaria** da materia consistente nunha **proba escrita** A **proba de recuperación** constará de varias partes:

- Léxico e etimoloxías
- Contidos gramaticais
- Tradución de frases ou texto sinxelo
- Contidos culturais

- ENSINANZA NON PRESENCIAL

En caso de confinamento haberá que reestruturar a materia e, evidentemente,os criterios sobre avaliación e cualificación nese período en concreto.

Poderán realizarse probas obxectivas a través da aula virtual e valorarase ao alumnado polas tarefas enviadas. Teranse en conta os seguintes aspectos:

- Realización de todas as tarefas.
- As tarefas teñen que estar realizadas de forma completa e non poden estar copiadas.
- As tarefas entregaranse respectando os prazos indicados.

RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

En cada rúbrica indícase o grao mínimo de consecución esixido para aprobar os contidos que se avalían.

**Rúbrica para avaliar unha tradución:**

| Calificación | Descrición |
|---|---|
| 5 | Demostra total comprensión do texto. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. |
| 4 | Demostra considerable comprensión do texto. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. |
| 3<br>Grao mínimo | Demostra comprensión parcial do texto. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta. |
| 2 | Demostra pouca comprensión do texto. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta. |
| 1 | Non comprende o texto. |
| 0 | Non responde. Non tentou facer a tarefa. |

**Rúbrica para avaliar os coñecementos lingüísticos e culturais:**

| Calificación | Descrición |
|---|---|
| 5 | Demostra total coñecemento dos contidos. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. |
| 4 | Demostra considerable coñecemento dos contidos. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. |
| 3<br>Grao mínimo | Demostra coñecemento parcial dos contidos. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta. |
| 2 | Demostra pouco coñecemento dos contidos. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta. |
| 1 | Non coñece os contidos . |
| 0 | Non responde. Non tentou facer a tarefa. |

**Rúbrica de valoración dun traballo ou exposición:**

| Categoría | Bo | Grao mínimo | Suspenso |
|---|---|---|---|
| Ideas e contido | O escrito é claro, enfocado e interesante. Mantén a atención do lector. A historia enriquécese con | O escrito é claro e enfocado, pero o resultado pode non captar a atención. Hai | O escrito carece de pulso ou de propósito central. O lector vese forzado a facer inferencias |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | anécdotas e detalles relevantes. | un intento por sustentalo, pero é limitado, moi xeral ou fóra do alcance. | baseándose en detalles moi incompletos |
| Organización | A organización resalta a idea central. A orde, a estrutura ou a presentación é a adecuada aos contidos e obxectivos | Erros na organización e estrutura dos contidos. | A organización está desarticulada. A escritura carece de ideas ou detalles. As ideas encadéanse unhas con outras atropelladamente |
| Elección de palabras | As palabras transmiten a mensaxe proposta en forma interesante, natural e precisa. A escritura é completa, rica e concisa. | A linguaxe é corrente, pero transmite a mensaxe. É funcional, aínda que carece de efectividade. O escritor decide por facilidade de manexo, producir unha especie de «documento xenérico», colmado de frases e palabras familiares | O escritor utiliza un vocabulario que busca a cegas as palabras que transmiten significado. A linguaxe é tan baleiro, abstracto ou tan reducido que é carente de detalles |
| Fluidez en las oraciones | A escritura flúe facilmente e ten bo ritmo cando se le en voz alta. As oracións están ben construídas, son coherentes e a estrutura é variada e fai que ao lelas sexan expresivas. | As oracións son máis mecánicas que fluídas. O texto carece de ritmo ou graza. Ocasionalmente as construcións son inadecuadas e fan lenta a lectura. | O escrito é difícil de entender ou ler en voz alta. As oracións tenden a ser cortadas, incompletas, inconexas, irregulares e bastas |
| Presentación | Boa comprensión dos estándares e convencións da escritura (utilización de maiúsculas, puntuación, ortografía ou construción de parágrafos). Os erros son moi poucos e de menor importancia. | Hai erros nas convencións para escribir, que aínda que non son demasiados, prexudican a facilidade de lectura. Aínda cando os erros non bloquean o significado, tenden a distraer | Hai numerosos e repetidos erros na utilización adecuada da linguaxe, na estrutura das oracións, na ortografía ou na puntuación, que fan que o texto sexa difícil de ler. A gravidade e frecuencia dos erros tende a ser tan notoria que o lector atopa moita dificultade para concentrarse na mensaxe e debe relelo para podelo entender. |

Valoración da actitude e traballo do alumno:

| Categoría | Bo | Grao mínimo | Suspenso |
|---|---|---|---|
| Interese | 1-O alumno non ten nunca atrasos nin faltas inxustificadas.<br>2. Presenta unha boa predisposición cara á materia. | 1. O alumno ten algúns atrasos e/ou algunhas faltas inxustificadas.<br>2. Presenta predisposición normal cara á materia. | 1. O alumno ten moitos atrasos e/ou moitas faltas inxustificadas.<br>2. Presenta unha mala predisposición cara á materia |
| Participación | O alumno con asiduidade pregunta dúbidas, responde as preguntas formuladas polo profesor e participa en debates suscitados na aula. | O alumno algunhas veces pregunta dúbidas, responde as preguntas formuladas polo profesor e participa en debates suscitados na aula. | O alumno non pregunta dúbidas, non responde as preguntas formuladas polo profesor e non participa en debates suscitados na aula. |
| Comportamento na aula | O alumno nunca se distrae, atende ao profesor e aos seus compañeiros, non molesta, nin interrompe innecesariamente o desenvolvemento das clases. | O alumno distráese algunhas veces, ás veces non atende ao profesor nin aos seus compañeiros e molesta ás veces o desenvolvemento das clases. | O alumno normalmente distráese, non atende ao profesor nin aos seus compañeiros e interrompe innecesariamente o desenvolvemento das |
| Trae o material | O alumno trae sempre o material que o profesor lle ha indicado que vainecesitar: libro, caderno, dicionario... | O alumno non trae algunhas veces o material que o profesor lle ha indicado que necesita: libro, caderno, dicionario.. | O alumno non trae normalmente o material que o profesor lle ha indicado que vai necesitar: libro,caderno, dicionario.. |
| Tarefas diarias | O alumno sempre trae as tarefas encomendadas polo profesor. | O alumno non trae algunhas veces as tarefas encomendadas. | O alumno non trae normalmente as tarefas encomendadas. |

Valoración do caderno do alumno

| Categoría | Bo | Grao mínimo | Suspenso |
|---|---|---|---|
| Organización e presentación dos contidos | 1. Os temas están separados e a estrutura dos mesmos é clara.<br>2. Os exercicios están numerados e referenciados.<br>3. A letra é clara e comprensible.<br>4. Aplica correctamente as regras de ortografía e puntuación. | Polo menos tres dos ítems anteriores non se cumpren | Polo menos cinco dos ítems anteriores non se cumpren. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | 5. As follas están numeradas e ordenadas.<br>7. No caderno non hai borróns, está limpo e utiliza distintas cores para destacar. | | |
| Contidos do caderno | 1. Contén todos os exercicios, resumos, esquemas debuxos e explicacións do profesor.<br>2. Contén traballos opcionais. | 1. Fáltanlle algún dos exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor. | 1. Fáltanlle a maioría dos exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor. |
| Claridade e veracidade das explicacións do profesor | 1. Recolle as explicacións do profesor con fidelidade e están expresadas con claridade.<br>2. Realiza bastantes anotacións propias que lle axudan a estudar. | 1. Recolle as explicacións do profesor con algún erros .<br>2. Realiza algunhas anotacións propias que lle axudarán a estudar. | 1. Recolle as explicacións do profesor con erros excesivos e graves.<br>2 Non realiza anotacións propias |
| Existencia de sinais de autocorrección dos contidos do caderno | Todos os exercicios de tradución e análise do caderno mostran sinais visibles de ser corrixidos por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc. | Algúns dos exercicios de tradución e análise do caderno non mostran sinais visibles de ser corrixidos por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc. | A maioría dos exercicios de tradución e análise do caderno non mostran sinais visibles de ser corrixidos por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc. |
| Existencia de sinais de revisión e procura de erros dos contidos do caderno | En todos os exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno localiza o erro cometido. | Nalgúns dos exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno non localiza o erro cometido. | Na maioría dos exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno non localiza o erro cometido |
| Tarefas diarias | O alumno sempre trae as tarefas encomendadas polo profesor. | O alumno non trae algunhas veces as tarefas encomendadas | O alumno non trae normalmente as tarefas encomendadas. |

## 8- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADO

Na materia de Grego de 1º de Bacharelato, os contidos iniciais e as actividades e exercicios realizados na aula nos primeiros días de clase permiten comprobar, sen necesidade de facer ningunha proba específica, a situación de cada alumno e alumna. Detéctanse facilmente a presenza de erros ou vacíos conceptuais que actúen como obstáculos para a aprendizaxe posterior.

## 9- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Proporánse medidas de reforzo mediante exercicios, lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades cos contidos da materia ou non poidan seguir o ritmo da clase.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: GREGO

Materia: **GREGO**

CURSO: 2º DE BACHARELATO

ANO ACADÉMICO: 2021/22

XEFE DE DEPARTAMENTO: MARGARITA OLIVAR ROLDÁN

# ÍNDICE


1- OBXECTIVOS E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN .............. PAX.99

2- CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN ................................................ PAX.99

3- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS ................................................ PAX.105

4-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ................................................ PAX.106

5-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO ..... PAX. 107

6- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL ................................................ PAX. 113

7- ATENCIÓN A DIVERSIDADE ................................................ PAX. 113

## 1- CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Para a elaboración desta programación nos apartados de temporalización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación guiareime polo exame que ata o de agora ten validez: O EXAME DE SELECTIVIDADE.

O reducido número de alumnos favorece unha atención bastante personalizada. Ademais son alumnos coñecidos porque xa tiveron que cursar a materia o curso anterior. Polo tanto é sinxelo empezar o curso subsanando as carencias que xa observei o curso anterior.

Neste curso, polas características especiais do curso anterior, temos que dedicar a 1ª avaliación a revisar con minuciosidade e completar os contidos vistos na 3ª avaliación do curso anterior:

3ª declinación - Pronomes persoais e indefinidos – Modos verbais

## 2- CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN

TABOA con:

- Obxectivos
- Contidos
- Criterios de avaliación
- Estándares de aprendizaxe: indicadores de logro
- Competencias clave
- Grao mínimo de consecución
- Procedementos e instrumentos de avaliación
- Temporalización

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización | Grao mínimo de consecución | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1. Lingua grega** | | | | | | | |
| e<br>f<br>h | B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné. | B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa. | GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa | CCL<br>CD<br>CCEC | 1ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | relevancia histórica. | | | | |
| d<br>f | B1.2. Do grego clásico ao grego moderno. | B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución. | GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución. | CCL<br>CAA | 1ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>f | B1.2. Do grego clásico ao grego moderno. | B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico. | GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. | CCL | 1ª | 1% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Sesión oral na aula |
| | | | **Bloque 2. Morfoloxía** | | | | |
| d<br>e<br>f | B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. | B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais. | GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f | B2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais. | B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais. | GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f | B2.3. Análise morfolóxica. | B2.3. Coñecer as categorías gramaticais. | GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen. | CCL | 1ª | 100% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f | B2.3. Análise morfolóxica. | B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. | GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f | B2.3. Análise morfolóxica. | B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto | GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| d | | grego. | gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical. | | | | Caderno do alumnado **Procedementos** Rúbrica Examen |
| **Bloque 3. Sintaxe** | | | | | | | |
| d e f | B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. | B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal. | GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos. | CCL | 1ª 2ª | 50% | **Instrumentos** Produción do alumnado Caderno do alumnado **Procedementos** Rúbrica Examen |
| d e f | B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. | B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais. | GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais. | CCL | 1ª | 50% | **Instrumentos** Produción do alumnado Caderno do alumnado **Procedementos** Rúbrica Examen |
| d e f | B3.2. Usos modais. | B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega. | GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos** Produción do alumnado Caderno do alumnado **Procedementos** Rúbrica Examen |
| d e f | B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas. | B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas. | GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos** Produción do alumnado Caderno do alumnado **Procedementos** Rúbrica Examen |
| d e f | B3.4. Oración composta. Formas de subordinación. | B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas. | GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos** Produción do alumnado Caderno do alumnado **Procedementos** Rúbrica Examen |
| d e f | B3.4. Oración composta. Formas de subordinación. | B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo. | GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos** Produción do alumnado Caderno do alumnado **Procedementos** Rúbrica Examen |
| | | | GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos** Produción do alumnado Caderno do alumnado **Procedementos** Rúbrica Examen |
| d | B3.5. Análise, tradución e | B3.7. Relacionar e aplicar | GR2B3.7.1. Recoñece, | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos** |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| e f i | interpretación de textos. | coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos. | distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza. | | | | Producción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| | | | GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Producción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| **Bloque 4. Literatura** | | | | | | | |
| d e h i n | B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. | B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior. | GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos. | CCL<br>CCEC | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Producción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d e h i n | B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. | B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite. | GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega. | CMCCT<br>CCEC | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Producción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| | | | GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Producción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d e h i n | B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. | B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental. | GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles. | CCL<br>CCEC | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Producción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d e h i n | B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. | B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. | GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior. | CCEC | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Producción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d e h | B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula. | B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais. | GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu | CD<br>CCEC | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Producción do alumnado<br>Caderno do alumnado |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| i<br>n | | | contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas. | | | | **Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| **Bloque 5. Textos** | | | | | | | |
| d<br>e<br>f<br>n | B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos. | B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos. | GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>g | B5.2. Uso do dicionario. | B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto. | GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. | CCL<br>CD | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f | B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa. | B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico. | GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos. | CCL<br>CCEC | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| a<br>d<br>e<br>h<br>n | B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. | GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente. | CSC<br>CCEC | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>n | B5.5. Identificación das características formais dos textos. | B5.5. Identificar as características formais dos textos. | GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| **Bloque 6. Léxico** | | | | | | | |
| d<br>e<br>f | B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común. | B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais. | GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f | B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común. | B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de | GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos** |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado. | partir dos étimos gregos dos que proceden. | | | | Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f<br>n | B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica. | B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego. | GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| | | | GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f<br>n | B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica. | B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. | GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f | B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. | B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua. | GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| d<br>e<br>f | B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes. | B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais. | GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |
| | | | GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. | CCL | 1ª 2ª3ª | 50% | **Instrumentos**<br>Produción do alumnado<br>Caderno do alumnado<br>**Procedementos**<br>Rúbrica<br>Examen |

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1- Recollida de datos por análise sistemática do **traballo do alumno** (caderno, tarefas). **Rúbricas**

2- Realización de **probas escritas** ao longo da unidade didáctica.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| Indicador (cuantificable, numérico) | Evidencia (observable) |
|---|---|
| Resultados en probas escritas:<br>- Número de erros na realización das probas ou actividades escritas.<br>- Porcentaxes de notas das devanditas probas.<br>- Número de traballos presentados.<br>- Número de incidencias e anécdotas no comportamento do alumno en clase, incluíndo faltas de asistencia e puntualidade. | Preguntas orais, participación en clase, presentación e interese na elaboración de tarefas.<br>No control das tarefas diarias débese observar se están ben, mal, entende ou non o entende, por medio da análise do caderno ou traballos do alumno. |

## 3- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Utilizarase unha metodoloxía mixta: indutiva e dedutiva.
A indutiva serve para motivar a participación dos alumnos mediante o uso de pequenos debates nos que se tentará detectar as ideas previas, preconcepcións ou esquemas alternativos do alumno como produto da súa experiencia diaria e persoal e os coñecementos previos
O método dedutivo favorece a actividade mental como complemento ao proceso de aprendizaxe indutivo. Para iso presentarase cada idea, concepto ou feito da forma máis sinxela posible.
O profesor guía este proceso con actividades nas que é necesario consultar diversas fontes de información, e ademais, debe fomentar o rigor no uso da linguaxe.
En todas as actividades é convinte reflexionar sobre o realizado, recompilar o que se aprendeu, analizar o avance en relación coas ideas previas (punto de partida) e facilitar ao alumno a reflexión sobre habilidades de coñecemento, procesos cognitivos, control e planificación da propia actuación, a toma de decisións e a comprobación de resultados.
O alumnado ten que construír criterios sobre as propias habilidades e competencias en campos específicos do coñecemento e do seu quefacer como estudante.
Empregaranse diferentes mecanismos segundo o resultado de aprendizaxe a lograr, o estilo de aprendizaxe do alumno ou as condicións materiais

| Metodoloxía | Descrición | Exemplo de actividade |
|---|---|---|
| 1. Clases teóricas. | Exposición da teoría polo profesor e o alumno toma apuntamentos (lección maxistral), ou ben participa ante preguntas do profesor | Aprendizaxe baseada en aplicación de casos ou discusións propiciadas polo profesor |
| 2. Clases prácticas. | Clases onde o alumno debe aplicar contidos aprendidos na teoría. | |
| a) Clases de tradución e exercicios. | O alumno resolve unha tradución ou toma decisións facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría. | Tradución de textos ou resolución de exercicios. |

| | | |
|---|---|---|
| b) Prácticas de investigación | O alumno realiza unha investigación facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría. | Exercicio de investigación, procura de exemplos de tradición clásica ou prácticas informáticas… |
| 3. Talleres, conferencias. | Reflexión e/ou profundización de contidos xa traballados polo alumno con anterioridade (teóricos e/ou prácticos). | Cinefórum, teatro, taller de lectura, talleres de cultura clásica, ciclos de conferencias… |

- ENSINANZA NON PRESENCIAL

En caso de confinamento haberá que reestruturar a materia e, evidentemente,os criterios sobre avaliación e cualificación nese período en concreto.

Poderán realizarse probas obxectivas a través da aula virtual e valorarase ao alumnado polas tarefas enviadas. Teranse en conta os seguintes aspectos:

- Realización de todas as tarefas.
- As tarefas teñen que estar realizadas de forma completa e non poden estar copiadas.
- As tarefas entregaranse respectando os prazos indicados.

## 4- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Todos os materiais e recursos didácticos, bibliográficos, audiovisuais,en rede, que se empregarán neste curso aparecen recollidos no PLAN LECTOR
O libro de texto que se utilizará neste curso é:
- HESPÉRIDES 1 e 2 Grego, J. Alberich Mariné, ed. Vicens Vives.

Tamén utilizo textos e exercicios obtidos de diferentes manuais e da rede, especialmente de:
- Pragma, do Grupo Método
- Introducción al Griego de Alberto do Pozo Ortiz, ed. Teide,
- Grego I de Javier Almodóvar, ed. Editex
- Introducción al Grego Clásico, ed. Oxford Educación

No caso de que se decretase unha suspensión das clases presenciais, o alumno dispoñerá de fichas didácticas elaboradas pola profesora e un libro de texto entregado en préstamo polo departamento, que lle facilitarán o traballo a distancia orientado sempre polo profesor. As fichas se entregarán aos alumnos a principio de curso. Aínda así, estarán dispoñibles na aula virtual da materia.

## 5- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Na materia de Grego de 2º de Bacharelato é imprescindible ter asimilados os **contidos básicos** vistos o curso anterior en **1º de** BACHARELATO. (TERMINACIÓNS DECLINACIÓNS, TERMINACIÓNS VERBAIS, PRONOMES, SINTAXE BÁSICA)
Na **1ª avaliación** traballaranse na aula e avaliaranse por medio dunha ou mais probas obxectivas. Traballaranse especialmente os contidos vistos na 3ª avaliación do curso anterior.
O **grao mínimo** de consecución destes contidos básicos é dun **100%**. Polo tanto é imprescindible acadar ese grao neses contidos tamén neste curso.

<u>Contidos didácticos</u>
**Avaliaranse utilizando os seguintes procedementos:**
1- Recollida de datos do **traballo na aula** e **persoal** do alumno (caderno, tarefas).
2- Realización de **probas escritas** ao longo do trimestre..
<u>Actitude na aula</u>
3- Observación e Caderno do profesor para valorar **actitudes na aula**

| Instrumentos de avaliación | | Ponderación de cualificación |
|---|---|---|
| 1. Realización de probas obxectivas | Non teñen que ser de contido e valor simétrico na súa valoración. | 70% |
| 2. Realización de tarefas ou actividades na aula e na casa | Expostas como apuntes, exercicios, análises, respostas a preguntas e **recollidas no caderno de clase.** | 20 % |
| 5. Observación da actitude do alumno | Inclúe a atención, a participación en clase e a actitude persoal do alumno (compromiso persoal por aprender). | 10 % |

A) Nas **probas obxectivas** observaranse os seguintes aspectos:
- En cada pregunta figurará a puntuación máxima asignada á mesma.
- A **correcta utilización** de **conceptos**, **definicións** e propiedades relacionados coa natureza da situación que se trata de resolver.
- **Xustificacións teóricas** que se acheguen para o desenvolvemento das respostas. A non xustificación, ausencia de explicacións ou explicacións incorrectas serán penalizadas ata un 50 % da cualificación máxima atribuída á pregunta ou epígrafe.
- **Claridade e coherencia** na exposición..
- **Precisión na tradución e nos significados** das palabras.
- Deberán figurar as **análises morfolóxicas e sintácticas** cando se pidan, de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e a tradución do alumno.

- A falta de **limpeza** nas probas penalizará ata un punto.

Valoración:

- Exames de contidos teóricos:
  10 % presentación; 20% expresión y ortografía; 70% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

- Exames de contidos prácticos: **Descontarase por cada erro de carácter gramatical, sintáctico ou léxico un 0,5 se son contidos básicos e un 0,25 se son pequenos erros.** Non se descontará por erros repetidos ou similares, tanto no mesmo exercicio como no resto dos exercicios do exame. Non se descontará se o erro aparece subsanado noutros exercicios do exame.

B) Os criterios de corrección do **traballo e actividades na aula e na casa do alumno** serán os seguintes: **Máximo: 1 punto**

- Deberán ter **todos os traballos** e actividades na **orde** na que foron propostos e realizados na aula.
- Os traballos e actividades estarán realizados de forma **completa** e **non** poderán estar **copiados**.
- A **presentación dos traballos** e actividades deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.
- A **calidade** dos traballos e actividades presentados, as **respostas elaboradas**, a boa redacción, o traballo de **reflexión**, a recopilación de datos, a calidade da exposición.

Valoración:

- Exames de contidos teóricos:
  10 % presentación; 20% expresión y ortografía; 70% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

- Exames de contidos prácticos: **Descontarase por cada erro de carácter gramatical, sintáctico ou léxico un 0,5 se son contidos básicos e un 0,25 se son pequenos erros**

A nota de avaliación obterase do seguinte modo:
Traballo na aula: 20%     Probas escritas: 70%     Actitude na aula 10%

Criterios de promoción e mecanismos de recuperación

A cualificación final da materia virá dada polo progreso de aprendizaxe do alumno. Dado que os contidos son inclusivos, o alumno terá que ter **aprobada a 3ª avaliación**
Na **nota final** aplicaranse os criterios de cualificación dados pola ABAU. No curso pasado eran 6 puntos a traducción, 1 punto literatura, 3 puntos etimoloxía, análise sintáctico e morfolóxico…
A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**. No caso de non acadar esta puntuación, o alumnado poderá presentarse a unha proba exraordinaria

da materia consistente nunha proba escrita QUE SEGUIRÁ O MODELO DO EXAME DE SELECTIVIDADE

- ENSINANZA NON PRESENCIAL

En caso de confinamento haberá que reestruturar a materia e, evidentemente,os criterios sobre avaliación e cualificación nese período en concreto.

Poderán realizarse probas obxectivas a través da aula virtual e valorarase ao alumnado polas tarefas enviadas. Teranse en conta os seguintes aspectos:

- Realización de todas as tarefas.
- As tarefas teñen que estar realizadas de forma completa e non poden estar copiadas.
- As tarefas entregaranse respectando os prazos indicados.

RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

As rúbricas de avaliación empregaranse para obter a nota de calificación.

En cada rúbrica indícase o grao mínimo de consecución esixido para aprobar os contidos que se avalían.

**Rúbrica para avaliar unha tradución:**

| Calificación | Descrición |
|---|---|
| 5 | Demostra total comprensión do texto. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. |
| 4 | Demostra considerable comprensión do texto. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. |
| 3<br>Grao mínimo | Demostra comprensión parcial do texto. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta. |
| 2 | Demostra pouca comprensión do texto. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta. |
| 1 | Non comprende o texto. |
| 0 | Non responde. Non tentou facer a tarefa. |

**Rúbrica para avaliar os coñecementos lingüísticos e culturais:**

| **Calificación** | **Descrición** |
|---|---|
| 5 | Demostra total coñecemento dos contidos. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. |
| 4 | Demostra considerable coñecemento dos contidos. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. |
| 3<br>Grao mínimo | Demostra coñecemento parcial dos contidos. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta. |
| 2 | Demostra pouco coñecemento dos contidos. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta. |
| 1 | Non coñece os contidos . |
| 0 | Non responde. Non tentou facer a tarefa. |

Rúbrica de valoración dun traballo ou exposición:

| Categoría | Bo | Grao mínimo | Suspenso |
|---|---|---|---|
| Ideas e contido | O escrito é claro, enfocado e interesante. Mantén a atención do lector. A historia enriquécese con anécdotas e detalles relevantes. | O escrito é claro e enfocado, pero o resultado pode non captar a atención. Hai un intento por sustentalo, pero é limitado, moi xeral ou fóra do alcance. | O escrito carece de pulso ou de propósito central. O lector vese forzado a facer inferencias baseándose en detalles moi incompletos |
| Organización | A organización resalta a idea central. A orde, a estrutura ou a presentación é a adecuada aos contidos e obxectivos | Erros na organización e estrutura dos contidos. | A organización está desarticulada. A escritura carece de ideas ou detalles. As ideas encadéanse unhas con outras atropelladamente |
| Elección de palabras | As palabras transmiten a mensaxe proposta en forma interesante, natural e precisa. A escritura é completa, rica e concisa. | A linguaxe é corrente, pero transmite a mensaxe. É funcional, aínda que carece de efectividade. O escritor decide por facilidade de manexo, producir unha especie de «documento xenérico», colmado de frases e palabras familiares | O escritor utiliza un vocabulario que busca a cegas as palabras que transmiten significado. A linguaxe é tan baleiro, abstracto ou tan reducido que é carente de detalles |
| Fluidez en las oraciones | A escritura flúe facilmente e ten bo ritmo cando se le en voz alta. As oracións están ben construídas, son coherentes e a estrutura é variada e fai que ao lelas sexan expresivas. | As oracións son máis mecánicas que fluídas. O texto carece de ritmo ou graza. Ocasionalmente as construcións son inadecuadas e fan lenta a lectura. | O escrito é difícil de entender ou ler en voz alta. As oracións tenden a ser cortadas, incompletas, inconexas, irregulares e bastas |
| Presentación | Boa comprensión dos estándares e convencións da escritura (utilización de maiúsculas, puntuación, ortografía ou construción de parágrafos). Os erros son moi poucos e de menor importancia. | Hai erros nas convencións para escribir, que aínda que non son demasiados, prexudican a facilidade de lectura. Aínda cando os erros non bloquean o significado, tenden a | Hai numerosos e repetidos erros na utilización adecuada da linguaxe, na estrutura das oracións, na ortografía ou na puntuación, que fan que o texto sexa difícil de ler. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | distraer | A gravidade e frecuencia dos erros tende a ser tan notoria que o lector atopa moita dificultade para concentrarse na mensaxe e debe relelo para podelo entender. |

Valoración da actitude e traballo do alumno:

| Categoría | Bo | Grao mínimo | Suspenso |
|---|---|---|---|
| Interese | 1-O alumno non ten nunca atrasos nin faltas inxustificadas.<br>2. Presenta unha boa predisposición cara á materia. | 1. O alumno ten algúns atrasos e/ou algunhas faltas inxustificadas.<br>2. Presenta predisposición normal cara á materia. | 1. O alumno ten moitos atrasos e/ou moitas faltas inxustificadas.<br>2. Presenta unha mala predisposición cara á materia |
| Participación | O alumno sae voluntario con asiduidade á lousa, pregunta dúbidas, responde as preguntas formuladas polo profesor e participa en debates suscitados na aula. | O alumno sae algunhas veces voluntario á lousa, pregunta dúbidas, responde as preguntas formuladas polo profesor e participa en debates suscitados na aula. | O alumno non sae normalmente voluntario á lousa, non pregunta dúbidas, non responde as preguntas formuladas poloprofesor e non participa en debates suscitados na aula. |
| Comportamento na aula | O alumno nunca se distrae, atende ao profesor e aos seus compañeiros, non molesta, nin interrompe innecesariamente o desenvolvemento das clases. | O alumno distráese algunhas veces, ás veces non atende ao profesor nin aos seus compañeiros e molesta ás veces o desenvolvemento das clases. | O alumno normalmente distráese, non atende ao profesor nin aos seus compañeiros e interrompe innecesariamente o desenvolvemento das |
| Trae o material | O alumno trae sempre o material que o profesor lle ha indicado que vainecesitar: libro, caderno, dicionario... | O alumno non trae algunhas veces o material que o profesor lle ha indicado que necesita: libro, caderno, dicionario.. | O alumno non trae normalmente o material que o profesor lle ha indicado que vai necesitar: libro,caderno, dicionario.. |
| Tarefas diarias | O alumno sempre trae as tarefas encomendadas polo profesor. | O alumno non trae algunhas veces as tarefas encomendadas. | O alumno non trae normalmente as tarefas encomendadas. |

Valoración do caderno do alumno

| Categoría | Bo | Grao mínimo | Suspenso |
|---|---|---|---|
| Organización e presentación dos contidos | 1. Os temas están separados e a estrutura dos mesmos é clara.<br>2. Os exercicios están numerados e referenciados.<br>3. A letra é clara e comprensible.<br>4. Aplica correctamente as regras de ortografía e puntuación.<br>5. As follas están numeradas.<br>6. As follas están ordenadas.<br>7. No caderno non hai borróns, está limpo e utiliza distintas cores para destacar. | Polo menos tres dos ítems anteriores non se cumpren | Polo menos cinco dos ítems anteriores non se cumpren. |
| Contidos do caderno | 1. Contén todos os exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor.<br>2. Contén traballos opcionais. | 1. Fáltanlle algún dos exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor. | 1. Fáltanlle a maioría dos exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor. |
| Claridade e veracidade das explicacións do profesor | 1. Recolle as explicacións do profesor con fidelidade e están expresadas con claridade.<br>2. Realiza bastantes anotacións propias que lle axudan a estudar. | 1. Recolle as explicacións do profesor con algún erros .<br>2. Realiza algunhas anotacións propias que lle axudarán a estudar. | 1. Recolle as explicacións do profesor con erros excesivos e graves.<br>2 Non realiza anotacións propias |
| Existencia de sinais de autocorrección dos contidos do caderno | Todos os exercicios de tradución e análise do caderno mostran sinais visibles de ser corrixidos por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc. | Algúns dos exercicios de tradución e análise do caderno non mostran sinais visibles de ser corrixidos por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc. | A maioría dos exercicios de tradución e análise do caderno non mostran sinais visibles de ser corrixidos por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc. |
| Existencia de sinais de revisión e procura de erros dos contidos do caderno | En todos os exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno localiza o erro cometido. | Nalgúns dos exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno non localiza o erro cometido. | Na maioría dos exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno non localiza o erro cometido |

## 6- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADO

Na materia de Grego de 2º de Bacharelato é imprescindible ter asimilados os **contidos básicos** vistos o curso anterior en 1º de BACHARELATO.
Na **1ª avaliación** traballaranse estes contidos na aula e avaliaranse por medio de unha ou mais **probas obxectivas**. **O grao mínimo** de consecución destes contidos básicos no curso anterior é dun **100%.** Polo tanto é imprescindible acadar ese grao neses contidos tamén neste curso.

## 7- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Proporánse medidas de reforzo mediante exercicios, lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades cos contidos da materia ou non poidan seguir o ritmo da clase.

# 6- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Coa finalidade de constatar os progresos que fai o alumnado realizarase con cada unidade didáctica un proceso de avaliación (escrito e / ou oral), que permitirá determinar o nivel de coñecementos previos do alumno, as dificultades e deficiencias que hai que subsanar e para comprobar, ao final do proceso, o nivel de éxito acadado no grao de consecución das competencias básicas e a asimilación dos estántadares de aprendizaxe.

- Avaliación inicial: Realízase ao comezo do proceso para obter información sobre a situación de cada alumno e alumna, e para detectar a presenza de erros conceptuais que actúen como obstáculos para a aprendizaxe posterior. Isto levará unha atención ás súas diferenzas e unha metodoloxía adecuada para cada caso.
- Avaliación formativa: Tipo de avaliación para orientar e corrixir o proceso educativo, ao proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa. É a máis apropiada para ter unha visión das dificultades e dos procesos que se van obtendo en cada caso. Coa información dispoñible valórase se se avanza cara á consecución dos obxectivos expostos. Se nalgún momento detéctanse dificultades no proceso, tratarase de pescudar as súas causas e, en consecuencia, adaptar as actividades de ensino-aprendizaxe.
- Avaliación final: Trátase de rexistrar os resultados finais de aprendizaxe e comprobar se o alumnado adquiriu os contidos, competencias e destrezas que lles permitirán seguir aprendendo cando se enfronten a contidos máis complexos.

**As probas obxectivas, a observación continuada na aula, a revisión dos cadernos dos alumnos permitirán ir avaliando, de maneira continuada nos grupos menos numerosos todos os problemas e progresos do proceso educativo.**

# 7- ELEMENTOS TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE

O estudio do mundo clásico, a lectura e reflexión sobre textos traducidos, así como a análise de imaxes, mapas etc introducen ao alumnado no pensamento grego e latino, nos seus valores éticos e políticos, e mostran o interese por temas tan actuáis como a guerra e a paz, as decisións morais, o medio ambiente, a familia, formas de goberno, situación da muller, necesidade de valores cívicos, respecto a todas as crenzas, aceptación de costumes e poboación estranxeira, a educación…

As materias de Cultura Clásica, Grego e Latín son un vehículo moi flexible que permite abordar dende a antigüedade múltiples aspectos da actualidade e realizar unha constante viaxe dende a Antigüidade a Actualidade e viceversa

# 8-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O control levarase a cabo mediante o rexistro no diario de aula de todas as incidencias que se vaian producindo. Este control realizarase ao longo de todo o curso, con cada unidade didáctica e cada proxecto de traballo que se leve a cabo.

- Na memoria final indicarase o grao de mellora nas competencias básica ou as posibles causas de non alcanzarse os niveis esixidos.
- O diario de aula será un bo indicador para avaliar o proceso de ensino. Permitirá levar o control día a día dos seguintes parámetros:
  - Valoración da temporalización deseñada
  - Valoración da adecuación dos estándares de aprendizaxe: valoración das dificultades e problemas que xurdan en cada momento relacionados co grado de asimilación do alumno
  - Valoración da adecuación da metodoloxía empregada
  - Valoración da adecuación dos materiais didácticos
  - Valoración da pertinencia das actividades extraescolares
- Finalmente realizaráse unha avaliación por parte do alumnado sobre o desenvolvemento da materia, grao de dificultade, problemas acadados, adecuación do material, etc, que se incorporará á memoria final do Departamento.

  Empregarase un cuestionario deste tipo:

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 5. Poténcianse estratexias de animación á lectura e o cine | | | | |
| 6. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 7. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 8. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 9. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección | | | | |
| 10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 11. Os materiais son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia | | | | |
| 12. Os exames son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia | | | | |
| 13. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... | | | | |

## 9- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este curso 2021-22 o departamento de grego animará aos alumnos a participar no concurso on line Odisea, a principios do 2º trimestre.

PARTICIPANTES: **ALUMNOS DE CULTURA CLÁSICA, LATÍN E GREGO DE 3º e 4º de ESO e 1º e 2º de BACHARELATO**

ORGANIZACIÓN:

**En principio non implica saída do centro.**

**Os alumnos participantes faltarían as actividades lectivas un xoves TODA A MAÑÁ, pero permanecerían no centro, nas aulas de Informática e na Biblioteca.**

DATAS: Aínda por determinar (probablemente **xaneiro**)

OBXECTIVOS:

- Facilitar a adquisición das competencias clave, especialmente:

1. Tratamento da información e competencia dixital

2. Competencia para aprender a aprender

3. Autonomía e iniciativa persoal

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Organízase para todos os centros de ensino de secundaria e bacharelato de Galicia e participase por Internet. Os equipos de tres persoas teñen que contestar diariamente a tres preguntas. O último día do concurso deben responder a dez preguntas e coas iniciais formar a resposta do chamado "preguntón". Cada resposta acertada súmalles puntos. Organízase para todos os centros de ensino de secundaria e bacharelato de Galicia e participase por Internet. Os finalistas participan na convocatoria nacional.

## 10- PLAN LECTOR

### OBXECTIVOS

- Facilitar a adquisición das competencias clave, especialmente:

*1. Competencia en comunicación lingüística*

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

*2. Tratamento da información e competencia dixital*

Consiste en dispor de habilidades para procurar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para se informar, aprender e comunicarse.

*3. Competencia social e cidadá*

Fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Integra coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das escollas e decisións adoptadas.

*4. Competencia cultural e artística*

Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

*5. Competencia para aprender a aprender*

Consiste en dispor de habilidades para se iniciar na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

*6. Autonomía e iniciativa persoal*

Esta competencia refírese á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

- Educar no uso crítico da información

- Fomentar o hábito da lectura e de consumo de bo cine

- Facilitar a adquisición de boas técnicas de traballo intelectual

ACTUACIÓNS

1- Revisión dos fondos documentais do departamento na biblioteca escolar para avaliar as necesidades. Proporase a **adquisición de novos fondos** relacionados coa materia de grego e de cultura clásica, para garantir a dispoñibilidade de lecturas adecuadas á idade e intereses de todos os alumnos.

2- O departamento de grego colaborará nas actividades organizadas pola biblioteca; en concreto algunha das **exposicións temáticas** da biblioteca terá como eixe temático asuntos relacionados co mundo grego (selección de 4/5 libros ou revistas e una selección de direccións de Internet: en una mesa exporase o material elixido acompañado dunha breve reseña ou slogan para dar a coñecer a todo o alumnado os fondos da biblioteca)

5- Integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico): empregaranse as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado.

## ACTIVIDADES A DESENVOLVER TODO O ANO

- **Lectura diaria colectiva** de textos gregos e latinos traducidos relacionados coa parte da materia estudiada: Heródoto (fragmentos da súa obra relacionados coa invención da escritura), Apolodoro (mitoloxía) Xenofonte, Tucídides (historia de Grecia) Tito Livio (historia de Roma) , Pausanias (descrición de obras artísticas)... Os alumnos realizarán por escrito resumos e esquemas dos textos lidos para recapitular os coñecementos e comprobar a súa capacidade comprensiva
- Informarase aos alumnos das **novidades editoriais** e **audiovisuais** que poidan xurdir o longo do curso relacionadas co panorama cultural do mundo clásico, novela histórica centrada nesa época...
- Uso diario dos **dicionarios** de castelán e galego para a definición de helenismos e latinismos.
- Lectura e comentario en clase das noticias que poidan aparecer nos **xornais** relativas a Grecia e Roma: arqueoloxía, turismo, actualidade...
- Lectura e comentario en clase dos artigos das **revistas** Historia National Geografic e Muy Interesante relacionados co mundo Clásico
- Análise de anuncios e slogans publicitarios que teñan relación co mundo grecorromano (Nike, Olympus...)
- Lectura e interpretación de **mapas e atlas**: xeográficos, artísticos, históricos...
- Os alumnos realizarán pequenos **traballos de investigación** para que adquiran destreza no manexo de distintas fontes de información (bibliográfica e na rede), aprendan a realizar unha labor de selección de material e realicen prácticas de redacción e presentación de contidos.
- Traballo con material audiovisual: **documentais e cine**. Cada un dos contidos da programación traballarase con aporte de medios audiovisuais.

## CULTURA CLÁSICA 3º y 4º ESO

O Plan Lector nesta materia ten como obxectivo principal que, en lugar de manexar directamente a información xa elaborada do libro de texto, sexa **o propio alumno** o que, manexando fontes e formatos moi variados, **elabore os contidos** de cada unidade didáctica.

A partir do análise de **películas, documentais, textos literarios, crónicas de época, mapas, obras de arte, libro de texto, ensaios ...** os alumnos teñen que **seleccionar, analizar, e redactar** de maneira estruturada os contidos das unidades didácticas que vemos ao longo do curso.
Teñen que prestar unha especial atención a **presentación e redacción** dos contidos.

TÉCNICAS DE TRABALLO
Cada material empregado trabállase de maneira distinta:
◇ **Cine de ficción**: Ficha técnica, director, argumento, principais personaxes, análise do contexto histórico, social, cultural...
Préstase especial atención á intención do director, ao grado de fidelidade histórica, ao coidado co que se fixo a ambientación...
◇ **Cine documental**: Análise das imaxes e da información que transmiten os narradores
◇ **Textos literarios**: Autor , grao de fiabilidade histórica, coidado co que se fixo a ambientación...
◇ **Crónicas de época**: Valoración das testemuñas de primeira man. Análise crítica do punto de vista do cronista...
◇ **Obras de arte**: Análise das súas características artísticas, intencionalidade e ideoloxía que reflicten...
◇ **Mapas**: "Lectura" de mapas, aprender a extraer información da lenda e dos símbolos usados...
◇ **Ensaios, artigos de revistas especializadas**: Lectura, consulta de dúbidas, selección da información máis relevante, cómo facer unha recensión, cómo facer un esquema...

Coa axuda destes materiais os alumnos cobren fichas ou elaboran os seus apuntes, redactando a información e complementándoa con debuxo de mapas, debuxos de planos, esquemas, fotografías.

Materiais básicos que se utilizarán:

◇ **Cine documental:**
a) La construcción de un Imperio: Los griegos
b) La construcción de un Imperio: Los romanos
c) La Atlántida. El misterio de los minoicos
d) Historia del Partenón, de Kosta Gavras
e) National Geographic: Alejandro Magno
f) National Geographic: Julio César
g) Mediterráneo, nuestro mar.
h) Mitos y Leyendas TVE 2 : Aquiles, Edipo, Ulises
**Capítulos de 20 minutos. Están todos en la página web de TVE2*
i) Pompeya, el último día

◇ **Cine:**
a) Ágora. Alejandro Amenábar, 2009
b)Ben-Hur. William Wyler, 1959
c) Espartaco. Stanley Kubrick, 1960
d) Gladiator. Ridley Scott, 2000
e) Oh, Brothers, 2000. Ethan y Joel Coen

f) La Odisea. Konchalovsky. 1997
g)Troya, de Wolfgang Petersen, 2004

◊ **Textos literarios e Banda deseñada:** Dáse preferencia á lectura de textos de autores clásicos gregos e romanos, ou adaptacións, para ilustrar os contidos das diferentes unidades didácticas. Lectura de fragmentos escollidos de:
a) A Odisea de Homero
b) A Ilíada de Homero:

- Rosemary Sutcliff, **Naves negras ante Troya**, Vicens Vives
  **Buena adaptación de la Ilíada para todos los públicos*
- Roy Thomas – Miguel Sepúlveda- **La guerra de Troya**, Marvel, 2011
- Roy Thomas – Miguel Sepúlveda- **La Ilíada, Clásicos Ilustrados**, Marvel, 2011
  **Excelentes y documentadas adaptaciones de la Ilíada de Homero.*

c) A Eneida de Virxilio: Penélope Lively, <u>En busca de una patria</u> , Vicens Vives
d) Ab urbe condita de Tito Livio

◊ **Ensaio**: Leranse fragmentos do historiador Indro Montanelli, de Historia dos gregos e Historia de Roma. O seu estilo sinxelo e o seu sentido do humor fai que sexan uns textos fáciles de ler para os alumnos.

CLUBE DE LECTURA 4º ESO
Na materia de Cultura Clásica de 4º de ESO proporase ó alumnado a participación nun clube de lectura vinculado á materia, nunha das horas de clase. A periodicidade será semanal.
As propostas serán as seguintes:

- **Cine de ficción e documental**
- **Textos literarios**
- **Banda deseñada**
- **Ensaios, artigos de revistas especializadas**

## 1º BACHARELATO

## ACTIVIDADES A DESENVOLVER TODO O ANO

- Lectura mecánica diaria de textos gregos para conseguir fluidez nun sistema alfabético diferente do latino (un mínimo de 10 minutos ó principio, algo menos despois)
- Lectura diaria colectiva de textos gregos traducidos relacionados coa parte da materia estudada: Heródoto (fragmentos da súa obra relacionados coa invención da escritura), Apolodoro (mitoloxía) Xenofonte e Tucídides (historia de Grecia), Pausanias (descrición de obras artísticas)... Os alumnos realizarán por escrito resumos e esquemas dos textos lidos para recapitular os coñecementos e comprobar a súa capacidade comprensiva.
- Lectura colectiva de fragmentos seleccionados de **La lengua de los dioses,** Andrea Marcolongo, Taurus, 2017

*"Orixinal acercamento á lingua grega e algúns dos seus contidos gramaticais, apta para todos, os que coñecen a lingua y e os que non".*

- Informarase aos alumnos das novidades editoriais que poidan xurdir ao longo do curso relacionadas co panorama cultural da Grecia antiga, novela histórica centrada nesa época…
- Uso diario dos dicionarios de castelán e galego para a definición de helenismos.
- Lectura e comentario en clase das noticias que poidan aparecer nos xornais relativas a Grecia: arqueoloxía, turismo, actualidade…
- Lectura e comentario en clase dos artigos da revista Historia National Geografic e Muy Interesante relacionados con Grecia
- Análise de anuncios e slogans publicitarios que teñan relación co mundo grego antigo (Nike, Olympus…)
- Lectura e interpretación de mapas e atlas: xeográficos, artísticos, históricos…
- Os alumnos realizarán na biblioteca pequenos traballos de investigación para que adquiran destreza no manexo de distintas fontes de información (bibliográfica e na rede), aprendan a realizar unha labor de selección de material e realicen prácticas de redacción e presentación de contidos.

1º TRIMESTRE

-Visita á biblioteca cos alumnos para informarlles dos libros que lles poidan resultar interesantes e útiles para a materia de grego.
- Visita á biblioteca cos alumnos para consultar a páxina de Internet do Ministerio de Turismo grego.
- Lectura do libro <u>Mitos da Antiga Grecia</u> de Robert Graves, Ed. Xerais. Se lles entregará unha guía de lectura do libro que teñen que cubrir para un mellor seguimento e comprensión.
- Traballo de investigación para o primeiro trimestre: Representacións na pintura e interpretacións do mito do Minotauro o longo da historia.
- Entregarase aos alumnos unha selección bibliográfica de libros de lecer para a súa posible lectura nas vacacións de Nadal. Algúns dos libros que se proporán serán:
    - A triloxía de Robert Graves <u>Mi familia y otros animales</u>
    - <u>El oráculo</u> de Valerio Manfredi
    - <u>Aristóteles detective</u> de Margaret Doody

*Este listado non é definitivo, dependerá das novas adquisicións que se fagan na biblioteca do centro e do nivel e hábitos de lectura do alumnado.*

2º TRIMESTRE

- Visita á biblioteca cos alumnos para realizar unha viaxe virtual en Internet dos Museos gregos que ofrezan esta posibilidade. O alumno terá que seleccionar a información obtida e elaborar unha pequena guía.
- Lectura compartida de fragmentos seleccionados da Odisea.

Cada alumno lerá uns fragmentos do libro e exporao aos compañeiros. Todos eles irán cubrindo unha guía de lectura do libro para un mellor seguimento e comprensión.

- Traballo de investigación para o segundo trimestre: "Unha viaxe a Grecia" Os alumnos terán que programar unha viaxe a Grecia dunha semana, consultar guías de turismo para seleccionar o itinerario, consultar en Internet horarios e prezos de voos, horarios de apertura dos recintos arqueolóxicos, hoteis, campings…e elaborar unha pequena guía de viaxe cos datos obtidos.
- Entregaranse aos alumnos novas propostas bibliográficas de lectura de lecer para as vacacións

de Semana Santa

3º TRIMESTRE

- Visita á biblioteca cos alumnos para realizar unha viaxe virtual en Internet dos Recintos Arqueolóxicos gregos que ofrezan esta posibilidade. O alumno terá que seleccionar a información obtida e elaborar unha pequena guía.
- Lectura compartida de fragmentos seleccionados de Platón.

Cada alumno lerá uns fragmentos determinados e exporao ós compañeiros. Todos eles irán cubrindo unha guía de lectura para un mellor seguimento e comprensión.

- Traballo de investigación para o terceiro trimestre: "A historia das Olimpíadas" Os alumnos terán que buscar información sobre as Olimpíadas na antigüidade, cando deixaron de celebrarse e porqué, cando se reanudaron e facer unha análise comparativa entre a antigüidade e agora.
- Entregaranse aos alumnos novas propostas bibliográficas de lectura de lecer para as vacacións de Verano

2º BACHARELATO

ACTIVIDADES A DESENVOLVER TODO O ANO

- Lectura diaria en voz alta de textos gregos para conseguir fluidez nun sistema alfabético diferente do latino. Se non se practica a lectura en voz alta, os alumnos perden práctica e cometen erros de tradución provocados por erros de lectura.
- O proxecto lector de 2º de bacharelato ven determinado polas lecturas obrigatorias que forman parte do temario. Tres das lecturas se farán coa axuda dunha guía de lectura que o alumno debe responder, e aínda que parte se lerá na aula, a meirande parte da actividade lectora se fará como traballo persoal de casa.
- Lectura colectiva de textos gregos traducidos dos autores que teñen que traducir (Xenofonte e Platón). É importante que o alumno teña una idea do estilo do autor que ten que traducir. Os alumnos realizarán por escrito resumos e esquemas dos textos lidos para recapitular os coñecementos e comprobar a súa capacidade comprensiva
- Informarase aos alumnos das novidades editoriais que poidan xurdir o longo do curso relacionadas co panorama cultural da Grecia antiga, novela histórica centrada nesa época...
- Uso diario do dicionario VOX GRIEGO-CASTELLANO
- Uso diario dos dicionarios de castelán e galego para a definición de helenismos.
- Lectura e comentario en clase das noticias que poidan aparecer nos xornais relativas a Grecia: arqueoloxía, turismo, actualidade...
- Lectura e comentario en clase dos artigos da revista Historia National Geografic relacionados co temario da materia (textos a traducir e lecturas obrigatorias)
- Lectura e interpretación de mapas e atlas: xeográficos, artísticos, históricos...

1º TRIMESTRE

-Visita á biblioteca cos alumnos para informarlles dos libros que lles poidan resultar interesantes e útiles para a materia de grego de 2º de bacharelato
- Lectura obrigatoria dos cantos I, VI, XVI, XXII da Ilíada de Homero. A lectura farase

acompañada dunha guía de lectura que teñen que cubrir para un mellor seguimento e comprensión.
- Lectura colectiva de fragmentos traducidos de Xenofonte.
- Entregarase aos alumnos unha selección bibliográfica de libros de lecer para a súa posible lectura nas vacacións de Nadal. Algúns dos libros que se proporán serán:

- La hija de Homero, Robert Graves
- Roy Thomas – Miguel Sepúlveda- **La guerra de Troya**, Marvel, 2011
- Roy Thomas – Miguel Sepúlveda**- La Ilíada, Clásicos Ilustrados**, Marvel, 2011

**Excelentes y documentadas adaptaciones de la Ilíada de Homero.*

*Este listado non é definitivo, dependerá das novas adquisicións que se fagan na biblioteca do centro e do nivel e hábitos de lectura do alumnado.*

2º TRIMESTRE

- Lectura e análise na aula dos poemas seleccionados de Safo, Alceo e Arquíloco
- Lectura de Edipo Rei de Sófocles. A lectura se fará acompañada dunha guía de lectura que teñen que cubrir para un mellor seguimento e comprensión.
- Lectura colectiva de fragmentos traducidos de Xenofonte e de Platón
- Entregaranse aos alumnos novas propostas bibliográficas de lectura de lecer para as vacacións de Semana Santa

3º TRIMESTRE

- Lectura de As nubes de Aristófanes. A lectura farase acompañada dunha guía de lectura que teñen que cubrir para un mellor seguimento e comprensión.
- Lectura colectiva de fragmentos traducidos de Platón
- Entregaranse ós alumnos novas propostas bibliográficas de lectura de lecer para as vacacións de Verano

# 11 APLICACIÓN DAS TIC

## *Competencia básica: Tratamento da información e competencia dixital*

*Consiste en dispor de habilidades para procurar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para se informar, aprender e comunicarse.*

## Obxectivos

- Desenvolver a capacidade investigadora e creativa do alumno para conseguir que sexa el o protagonista da súa propia aprendizaxe, buscando as súas propias fontes de informacións e elaborando o seu propio material
- Que o alumno poida ter acceso cómodo a un conxunto básico de coñecementos sobre o mundo clásico relacionados cos contidos da programacións de Cultura Clásica de 3º e 4º de ESO
- Que o alumno poida ter acceso a temas do mundo clásico de cultura e interese xeral e que, en moitos casos, seguen presentes no seu entorno.

- Que o alumno/a poida acceder a outros portais educativos especializados en temas de cultura clásica.

**Tipos de actividades:**

- Crear un espazo dentro da aula virtual do centro

- Completar a páxina de Cultura Clásica dentro da web do instituto engadindo enlaces relacionados cos seguintes contidos:
    - Temarios, organizados por cursos e unidades didácticas
    - Galería de imaxes organizadas por temas: Grecia, Roma, Gallaecia, mitoloxía...
    - Galería de mapas
    - Material da aula en formato PDF para descargar
    - Modelos de exame en formato PDF para descargar
    - Galerías de imaxes de actividades extraescolares
- Exposicións de temas monográficos por parte do alumnado usando como recursos aprendidos na aula: presentacións en power point
- Os alumnos realizarán pequenos traballos de investigación para que adquiran destreza no manexo de distintas fontes de información (bibliográfica e na rede), aprendan a realizar unha labor de selección de material e realicen prácticas de redacción e presentación de contidos. - Visita ás páxinas de Internet do Ministerio de Cultura e turismo grego
- Viaxes virtuais ós Museos gregos e romanos que teñan páxina en Internet
- Viaxes virtuais ós recintos arqueolóxicos gregos e romanos máis importantes
- De cada unidade temática que se vaia estudando no curso consultaranse páxinas web relacionadas e facilitarase unha "webgrafía" ao alumno para que poida ampliar os seu coñecementos, animándolles a que comente nas clases aquelas que mais lle gustaron.

Margarita Olivar Roldán

15 de setembro 2021 , Bertamiráns